



Concello do Porriño

O Porriño  
O Concello do Deporte



concellería  
de deportes

 | **O Porriño**  
o-noso-encontro

# Carreira de Nadal 2024

## Nadal do Porriño

Domingo 29 de decembro, ás 11:00 h  
Saída dende a praza Arq. Antonio Palacios

Require inscrición previa,  
aberta ata o 27 de decembro, ás 23:30 h  
en [www.ecultura.net](http://www.ecultura.net)  
Ou presencialmente antes do comezo da carreira

 | **O Porriño**  
o-noso-encontro |  concellería  
de deportes | **porriño**  
atletismo | triatlón

## REGULAMENTO CARREIRA DE NADAL 2024

### Información xeral

Carreira non competitiva organizada polo Concello do Porriño en colaboración co Clube Atletismo Porriño.

- a) **Lugar:** O Porriño (Pontevedra)
- b) **Data:** Domingo, 29 de decembro do 2024.
- c) **Inscrición:** Gratuita.
  - Na web [www.ecultura.net](http://www.ecultura.net) ata o 27 de decembro ás 23.30 h.
  - O propio 29 de decembro, presencialmente na zona habilitada para tal preto da saída, ata media hora antes do comezo da carreira.
- d) **Hora de saída:** 11.00 h.
- e) **Punto de saída e meta:** Circuito de 4 quilómetros. Saída e meta na Rúa Antonio Palacios, 1.
- f) **Dorsal solidario:**

O evento conta coa particularidade de que cada corredor depositará unha unidade de produtos ou alimentos para bebés (artículos de hixiene, cueiros, leite, cereais,...), ou pasta tipo macarrón ou espiral, os cales serán distribuídos entre as familias do Concello con menos recursos.

Unidades a depositar nos soportáis do Concello do Porriño, a partir das 9:30 h do día da carreira.
- g) **Recollida de dorsais:**

En estancia indicada preto da saída da proba no Concello.

- ✓ 29 de decembro de 09.30 h a 10.45 h.

## Condicións da proba

- a)** Os participantes comprométense a aceptar todas as normas de regulamento.
- b)** Todos os corredores/as deberán colocarse na zona de saída polo menos 10 minutos antes do comezo da proba.
- c)** Obrigación de levar posto o dorsal por diante e totalmente visible durante toda a proba.
- d)** Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.
- e)** A proba está aberta a todas as idades e sexos.
- f)** Lei de Protección de Datos: Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.
- g)** A organización da proba resérvase o dereito da modificación deste regulamento, así como da suspensión ou aprazamento da carreira por inclemencias do tempo ou razón de seguridade, e da modificación de percorridos ou horarios.



**O Porriño**  
**O Concello do Deporte**



## **Percorrido**

A carreira transcorrerá sobre o circuíto urbano exposto no mapa do ANEXO I do presente regulamento. O mesmo, conta cunha lonxitude de 4 quilómetros para todos os participantes desta proba.

**SAIDA:** Praza Arquitecto Antonio Palacios.

Rúa Ramón González

Rúa Peña

Rúa Cando Ab

Rúa Leandro Diz

Rúa Xogo da Ola

Rúa Manuel Rodríguez

Rúa Plazuela San Sebastián

Rúa Manuel Rodríguez

Rúa San Sebastián

Rúa Travesía Fernández Areal

Rúa Manuel Rodríguez

Rúa Ramón González

**META:** Praza Arquitecto Antonio Palacios.



**O Porriño**  
**O Concello do Deporte**



## **Organización e seguridade**

O Concello do Porriño contará cos medios necesarios para este tipo de probas. A nivel seguridade e coordinación, contará coa axuda da Policía Local, e a nivel organizativo con Protección Civil e voluntarios.

A proposta de medidas de sinalización da proba e do resto dos dispositivos de seguridade necesarios nos posibles puntos con maior dificultade, así como a función que debe desempeñar o persoal auxiliar habilitado, quedará en virtude do percorrido estudado coa Policía Local, quen dado o seu coñecemento e autoridade en materia de Seguridade Viaria, será o que sinale os cortes de tráfico necesarios para garantir a seguridade do mesmo.

Todos e cada un dos organizadores levarán pezas distintivas para a mellor visualización por parte dos participantes, axudando no que a Policía requira, e acompañando en todo momento aos participantes desde o principio ata o final do percorrido. Por parte da Policía Local, incorporará a proba o número de axentes e vehículos que estime oportunos conxuntamente estudado coa organización, así como os puntos e sinalización para o corte de rúas.

Para marcar o percorrido da proba, contaremos con vallas nos puntos máis perigosos en canto a entrada de vehículos, e de cinta de balizar noutros tramos. Nos cruces situarase persoal auxiliar da carreira, dirixindo aos corredores, así como axentes de Policía Local e persoal de Protección Civil.

## **Seguros**

Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo.

A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á



Concello do Porriño

**O Porriño**  
**O Concello do Deporte**



organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

### **Asistencia Médica**

A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

A organización contará cunha estancia sinalada para que no caso de accidente, o corredor/a poida formalizar un parte de accidentes.

### **Aceptación do regulamento**

Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador.

### **Protección de Datos Persoais**

Durante o desenvolvemento da carreira, e coa finalidade de de difundir a súa execución na web do Concello e/o redes sociais, tomaranse fotografías e vídeos de maneira xeneralizada ás persoas partícipes.

Para ese efecto, infórmase que de acordo con a Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, as imaxes captadas non terán consideración de intromisión ilexítima, por tratarse dun suceso público no que a súa imaxe aparecerá de maneira meramente accesoria.

De calquera modo, pode exercer os dereitos que lle asisten en materia de protección de datos persoais no email [dpd@oporrino.org](mailto:dpd@oporrino.org). Igualmente pode consultar ou ampliar información co noso Delegado de Protección de Datos no mesmo email.

### Cláusula de Protección de Datos para Formulario

Responsable do tratamento	CONCELLO DO PORRIÑO (NIF P3603900F) C/ Antonio Palacios, 1, 36400, O Porriño, Pontevedra
Finalidades do tratamento	Xestión da inscrición no evento organizado polo Responsable e difundir o desenvolvemento do mesmo na páxina web do responsable e/o redes sociais, respecto das fotos e vídeos que se tomen no mesmo.
Lexitimación do tratamento	Art.6.1.e) o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.
Destinatarios dos datos	Non se preven cesións de datos, salvo que sexa necesario, no seu caso, ás compañías aseguradoras.
Prazo de conservación	Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade e mentres non se solicite a súa supresión.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar ou acceso,rectificación ou supresión dúas seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica na sección "Protección de Datos", presencialmente non Concello, ou en <a href="mailto:dpd@oporrino.org">dpd@oporrino.org</a> .
Contacto do Delegado/a de Protección de Datos e información adicional	<a href="mailto:dpd@oporrino.org">dpd@oporrino.org</a> <a href="https://oporrino.org/">https://oporrino.org/</a>



Concello do Porriño

# O Porriño

## O Concello do Deporte



### ANEXO I. MAPA DO PERCORRIDO DA PROBA.

